



**ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE QUINTELA
31 DE XANEIRO DE 2017**

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Dar conta das accións da Área Metropolitana de Vigo
3. Dar conta das actuacións realizadas cos orzamentos participativos ano 2016.
4. Orzamentos participativos ano 2017
5. Rogos e preguntas

ASISTENTES

Presidenta: M^a José Barciela Barros

En representación dos grupos municipais:

- José Luis Villaverde Campos
- Eduardo Reguera Ocampo

Como representantes das asociacións de veciños:

- Eloy Quiñones Guisande
- Claudino Rodríguez Gómez

Como representantes da Comunidade de Montes:

- M^a José Fabre Ferverza
- M^a Carmen Pena Tome,

Como representantes da comunidade de augas:

- Francisco Javier Sánchez Martínez
- Bernardo Casas Montero

Eduardo Reguera Ocampo substitúe a Isaac Borja Araújo Figueroa como representante do grupo político PsdeG-PSOE.

O Sr. Casas Montero incorpórase ás 8:30 h.

Non asisten nin excusan a súa ausencia Jorge Varela Couñago, en representación de AER; Xoan Carlos González Campo, en representación do BNG, así como Oscar Rodríguez Otero e Ángel Lorenzo en representación da ANPA escolar.



CONCELLO DE REDONDELA

Asiste o alcalde, Javier Bas Corugeira, nomeado temporalmente como membro do consello parroquial co fin de intervir no segundo punto da orde do día.

Secretaria: Manuela Docampo Pintos

No CEIP de Quintela, a trinta e un de xaneiro de dous mil dezasete, previa convocatoria reuníronse os/as membros do Consello Parroquial de Quintela baixo a presidencia da Sra. Barciela Barros, por delegación do Sr. alcalde e asistidos de min, a secretaria do consello, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria convocada para o día de hoxe.

Pola presidencia, declarouse aberta a sesión as vinte horas e vinte minutos, non poidendo constituírse antes pola falla de “quorum”, (metade do núm. legal de membros) pasándose a tratar a orde do día.

1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.

A presidenta dá conta da acta da xuntanza ordinaria deste consello parroquial do 31 de xaneiro de 2017.

A Sra. Fabre Fervenza pide que no punto 3 de dita acta, no parágrafo 4 na resposta que dá ao Sr. Reguera Ocampo sobre o derrame de gasóleo, se indique que se trataba dun camión de plantas que derramou gasóleo.

Por unanimidade dos asistentes, apróbase dita acta coa corrección realizada pola Sra. Fabre Fervenza e así onde di “A Sra. Fabre Fervenza respóndelle que houbo un accidente cun camión de gasóleo...” debe dicir “*A Sra. Fabre Fervenza respóndelle que houbo un accidente cun camión de plantas que derramou gasóleo*”.

2.- Dar conta das accións da Área Metropolitana de Vigo

Toma a palabra o Sr. alcalde, Javier Bas Corugeira, que comeza a súa intervención indicando que o concello está tratando de informar sobre a Lei da Área Metropolitana de Vigo do 12.04.2012 aprobada definitivamente, que neste intre está paralizada sen poder desenvolverse e que actualmente a Área Metropolitana está integrada por Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Soutomaior, Mos, O Porriño, Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Redondela e Vigo co fin de compartir servicios, competencias e desenvolver esta lei.

Segue a súa intervención explicando que no ano 2012 o Concello de Vigo non formaba parte dela polo que non tiña sentido facer unha área que carecía de



CONCELLO DE REDONDELA

contido e na que sobre todo existían discrepancias co modelo do transporte. Todos os concellos que formaban parte da área trataron de desenvolver a competencia metropolitana relativa ao transporte co fin de que se igualara á que disfrutaban A Coruña e Santiago e intentaron que se integrara nela o Concello de Vigo.

No ano 2014 cando xa formaba parte dela comezouse a utilizar a tarxeta metropolitana (mostra unha aos membros do consello parroquial), aclarando que tamén se pode utilizar na Coruña..., que o concello paga o 20 % e a Xunta de Galicia o 80 % . Informa que en Redondela xa hai máis de 4000 tarxetas e que o 61 % das viaxes se pagan con elas. A continuación explica cómo se pode adquirir a tarxeta e o custe da mesma, indicando que os menores de 19 anos viaxan gratis.

Continúa dicindo que se reactiva esta área metropolitana cando o alcalde de Vigo e a Xunta de Galicia acordan realizar modificacións na lei da Área Metropolitana. Houbo distintas xuntanzas nas que estiveron o Sr. Rueda, a conselleira Teresa Vázquez, Alberto Pazos, alcaldes e a parte técnica de Vigo e que culminaron coa integración no transporte metropolitano do Concello de Vigo e da empresa Vitrasa.

Con anterioridade á aprobación da modificación da lei autonómica 4/2012, o 22.02.2016 chegaron todos os concellos ao acordo de presentar unha serie de documentación ao Pleno da Área Metropolitana, pero o que se leva son as modificacións da lei, xúntase documento á presente acta como anexo I.

Faltaba que o Concello de Vigo se incorporara á Área Metropolitana e entra libremente ao asinar un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia no que se fixan as tarifas e viaxes no transporte urbano de Vigo coa tarxeta metropolitana cun custe de 0,86 €, con dereito a 2 transbordos gratis, en 45 minutos, indicando que todo se aclara na cláusula adicional 11^a do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a empresa Viguesa de Transportes, asinado en Vigo o 06.07.2016, que se xunta a esta acta como anexo II.

Explica que a polémica xurde porque o Concello de Vigo considera que o convenio asinado é dabondo, que se sinte enganado polo que se nega a aportar a súa parte económica, de acordo co establecido no convenio marco, no que segundo as cláusulas municipais os municipios de orixen e de destino son os que deben aboar a tarifa a pagar e o Concello de Vigo quere que esta a asuma a Xunta de Galicia. Indica así mesmo que esta é a razón pola cal presentou un contencioso-administrativo e a Xunta de Galicia a súa vez presenta outro contra a Área Metropolitana por defecto de forma no nomeamento dos representantes.



CONCELLO DE REDONDELA

Así mesmo informa que o Concello de Vigo convoca unha assemblea da Área Metropolitana na que se constitúe unha mesa de idade, integrada por un presidente, vocais e secretario. O presidente desta mesa o alcalde de Salvaterra Arturo Grandal suspende o pleno da Área Metropolitana e dissolve a mesa e o grupo popular se levanta. O secretario nomea outro presidente para dita mesa e a Xunta de Galicia cre que iso é ilegal, polo que estamos neste punto de “stand bye “, no que o Concello de Vigo non participa no transporte metropolitano de Galicia, que é o que debería estar implantado. Aclara que o Concello de Redondela esixirá a posibilidade de que un veciño poida ir ao Cunqueiro utilizando o Vitrasa como na Coruña.

O Sr. Reguera Ocampo pide a palabra e respóstalle ao alcalde que non está de acordo con algunhas cousas que acaba de dicir. Que é certo que o día da xura do cargo de conselleiros, de todos os partidos políticos que alí estaban representados, os únicos que se levantaron foron os do Partido Popular, despois de que o alcalde presidente da mesa de idade non permitira a palabra ao secretario da área. O alcalde de Vigo alega que na assemblea se debatiu sobre o transporte metropolitano cando non estaba na orde do día. Foi un boicot do partido popular que se levanta e que cando se preguntou ao secretario, que é aséptico, dixo que non había causa legal para que a assemblea tivera que suspenderse, que él (referíndose ao alcalde de Redondela) marchara pero que alí se continuou. Que considera que non debía tomarse desta maneira un día histórico pero que cre que o alcalde de Redondela debería ter continuado na xunta de goberno da Área Metropolitana porque é o representante dos veciños de Redondela e os que están fallando son todos os alcaldes do PP.

Segue a súa intervención dicindo que desde o PSdeG-PSOE cremos que ten que seguir asistindo e decidir se o alcalde de Vigo o está facendo ben ou mal e si hai algunha discrepancia haberá que ir a un contencioso-administrativo e ver quen ten razón. Tamén cre que o alcalde de Redondela e os outros alcaldes teñen que asistir e convencer ao alcalde de Vigo para que entre e senón que vaian ao contencioso-administrativo.

Aclara así mesmo que a Xunta de Galicia denuncia toda a área metropolitana non só o plan de transporte, que está paralizado por denunciar toda a área nun contencioso-administrativo. O Concello de Vigo ten que entrar e hai que convencer a Abel Caballero, quen está de acordo en pagar 45 minutos de entrada e saída, pero que non está de acordo en que as competencias do transporte as teña a Xunta de Galicia e que non sexa o mesmo plan que se fai en Ferrol e na Coruña. Di que o PP boicotea a área metropolitana, que é un contrapoder e que a está bloqueando. Engade ademáis que os únicos que se levantan da xunta de goberno son os do grupo do PP.

O Alcalde intervén de novo e dille ao Sr. Reguera Ocampo que tratou de ser aséptico con Abel Caballero pero o que fai o Sr. Reguera é apoialo. Que o que



CONCELLO DE REDONDELA

se fixo na área metropolitana foi defender o plan de transporte que está na cláusula, non se pode avanzar senón se cumpre e se verá se o contencioso-administrativo lle dá a razón. Non viu a declaración do PSdG-PSOE onde se defende que os veciños de Redondela poidan ir en transporte, que el defende os intereses de Redondela de acordo co asinado e que incluso cadenas de radio e periodistas que dubidaban ao mostrarlle o acordo asinado polo alcalde de Vigo os apoiaron.

O Sr. Reguera Ocampo pregunta ao alcalde se os periodistas son xuíces.

O alcalde contesta que el só quere que se cumpra o asinado e que se poida utilizar a tarxeta metropolitana libremente, que non se oien as declaracións doutros partidos (BNG, Marea, PSdeG-PSOE...), que non quere que Redondela sexa un barrio de Vigo. Que a disposición 11^a indica que se debe integrar Vitrasa ao transporte metropolitano de Galicia e que lle gustaría que o PSdeG-PSOE fixera unha declaración que lle pida ao Concello de Vigo que cumpra co asinado.

O Sr. Reguera Ocampo considera que non hai sumisión e para resumir reitera que o levantamento do grupo PP dunha sesión que contaba con partidos de distintas ideoloxías non foi axeitada e reitera que non hai sumisión. Considera que as cousas se arranxan falando ou presentado un contencioso só co plan de transporte non coa área metropolitana.

3.- Dar conta das actuacións realizadas cos orzamentos participativos ano 2016.

A presidenta comeza a súa intervención indicando que das demandas correspondentes aos orzamentos participativos do ano 2016, presentadas no rexistro xeral o 23.03.2016/ 2016-E-RC-3871, foron realizadas as seguintes:

- **A colocación dos paneis informativos** (na subida do colexio de Quintela, onde está o antigo de madeira; no cruce do camiño de San Mamede co Muiño do Porto; na ponte de Quintela a altura dos contenedores; no camiño dos Frades co camiño Costeira; no camiño Antiga Vía do Tren co camiño Ponteareas; á altura da Carnicería Barciela; na saída do paso peonil subterráneo do Cemiterio (bar Villaverde) e pasando “o Furancho de Fermín” hai un antigo de madeira).
- **Os espellos** de cruce para facilitar as incorporacións (na fonte do Verdeal e na rúa Muiño do Porto (cruce da casa co difunto de D. Eduardo Lago).



CONCELLO DE REDONDELA

Que tamén se realizou a **cuneta** (no camiño de Frades), que non estaba recollida nesta petición e que xa só nesta última demanda se gastaron 13.000 €

O Sr. Sánchez Mtez. considera que a marquesiña da saída do camiño de Verdeal é inútil que podería cambiarse para o terreo que é público e no que un veciño acumula pedra e leña.

A presidenta, di que alí non hai sitio, que se podería pór no cruce da EN-550 na vía morta, na vía vella

O Sr. Reguera Ocampo indica que debaixo da ponte vella hai 4 ou 5 rapaces, que se podería pór unha no camiño da estrada vella de Quintela onde a de Mosquera.

O Sr. Casas Montero propón cambiala para onde se puxeron os dous stops.

O Sr. Reguera Ocampo pregunta se xa se solicitou a Fomento a autorización para a colocación dos lombos na EN-550 tal e como se acordara na anterior xuntanza do 19.10.2016.

A presidenta contéstalle que si que está solicitado.

4.- Orzamentos participativos ano 2017

A presidenta informa aos membros do consello parroquial que o importe dos participativos para este ano é de 15.000 € como o ano anterior e pregunta se queren asumir para este ano algunha das demandas do ano anterior que non foron realizadas.

A Sra. Fabre Fervenza pregunta ao consello se se queren reunir para formular as demandas deste ano 2017 e presentalas por escrito no rexistro xeral do concello.

A presidenta comenta que non é necesario que se inclúa nos participativos de 2017 a “realización da fonte no pilón do Muiño do Porto” e o adecentamento do “pilón da Marela” xa que se levarán a cabo polo concello pero non a cargo dos orzamentos participativos. Tamén informa que a colocación de lombos para obrigar a reducir a velocidade de vehículos no camiño da Antiga Vía do Tren desde o Bar Villaverde ata a ponte do ferrocarril, ten un custe de 7.000 € .

O Sr. Sánchez Mtez. pregunta se os presupostos os busca o consello parroquial ou o concello. Considera caro o importe de 7.000 € para os lombos e di que os da carretera de Frades que son de risa.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Casas Montero puntualiza que os de Frades foron de balde.

A presidenta dille que si eles os atopan máis baratos pois que mellor.

O Sr. Sánchez Mtez. Informa que en demandas anteriores, en vez de pedir 3 presupostos só se pediu 1. Cre que non hai transparencia, que quere ver os presupostos que se teñan e que cre tamén que pode conseguir presupostos máis baratos.

A presidenta contéstalle que ela non sabe deses presupostos que comenta pero que se hai unha persoa do consello que estea disposta a pedilos, unha vez que teña a memoria a facilita para que o faga. Que o concello pide prezos e que quere deixar constancia que traballa coa xente que ofrezca o mellor e que só a veces pola presa se pida un só presuposto.

O Sr. Sánchez Mtez. acláralle que non fala da súa xestión e cre que é mellor xuntarse para facer as peticións.

A presidenta dille que as fagan por orde de preferencia.

O Sr. Quiñones Guisande indica que é mellor que queden acordados neste consello e propón a realización dalgunha das demandas do ano 2016 que quedaron pendentes.

O consello parroquial en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes acorda a realización das seguintes obras con cargo aos orzamentos participativos do ano 2017:

- 1. A construción do muro de mampostería a altura do nº 65 do camiño de San Mamede, por debaixo do Colexio de Quintela e canalizar a auga do colexio.**
- 2. A colocación de lombos para obrigar a reducir a velocidade de vehículos no camiño da Antiga Vía do Tren desde o Bar Villaverde ata a ponte do ferrocarril.**

3.- Rogos e preguntas.-

O Sr. Sánchez Mtez.: pregunta se os terreos do AVE xa foron cedidos ao concello.

A presidenta contesta que está solicitado pero non están cedidos.

O Sr. Reguera Ocampo pregunta por un derrame de gasóleo que hai nesa zona.



CONCELLO DE REDONDELA

A Sra. Fabre Fervenza respóndelle que houbo un accidente cun camión de plantas que derramou gasóleo e que ten coñecemento delo a Policía Local.

A presidenta: pregunta onde é exactamente para poder tomar medidas e que se sanee a zona.

O Sr. Reguera Ocampo quere informar sobre unha moción que se presentou no concello para a colocación dun grupo semafórico á saída do Muro co camiño dos Frades na que todos os grupos políticos votaron a favor, indica que é un sitio perigoso e que por alí pasan máis de 50.000 pelegríns e veciños

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como secretaria do Consello, DOU FE.

Dilixencia: esténdese para facer constar que a presente acta aprobouse na xuntanza do consello parroquial de Quintela do día 9 de maio de 2017 coa corrección realizada pola Sra. Fabre Fervenza



CONCELLO DE REDONDELA

Ref.: MJBB/mdp

O Consello Parroquial de Quintela, na súa xuntanza ordinaria celebrada o 9.05.2017 acordou, entre outros, o seguinte asunto:

1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.

A presidenta dá conta da acta da xuntanza ordinaria deste consello parroquial do 31 de xaneiro de 2017.

A Sra. Fabre Fervenza pide que no punto 3 de dita acta, no parágrafo 4 na resposta que dá ao Sr. Reguera Ocampo sobre o derrame de gasóleo, se indique que se trataba dun camión de plantas que derramou gasóleo.

Por unanimidade dos asistentes, apróbase dita acta coa corrección realizada pola Sra. Fabre Fervenza e así onde di "A Sra. Fabre Fervenza respóndelle que houbo un accidente cun camión de gasóleo...." debe dicir "*A Sra. Fabre Fervenza respóndelle que houbo un accidente cun camión de plantas que derramou gasóleo*".

Documento asinado electronicamente á marxe